



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 8 DE XANEIRO DE 2015
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día oito de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2014.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Boa tarde. Damos comezo á sesión ordinaria do Pleno correspondente ao mes de xaneiro do ano 2015, e, antes de nada, desexarlles a todos os membros da corporación, medios de comunicación e tamén ao público un feliz ano 2015.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2014.

Sr. Alcalde: Pasamos xa a Orde do Día de este Pleno ordinario que ten como parte de resolutoria un único punto que é a aprobación da acta da sesión celebrada o 18 de decembro de 2014. Non sei si hai algunha alegación á acta? Si non hai ningunha alegación, apróbase por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 18 de decembro de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde: Non sei si, antes de pasar á parte de Control de Xestión, hai algunha moción. O señor Magariños xa ten anunciada a súa moción, ten a palabra.

A) MOCIÓN DO BNG PARA QUE O DOMINIO astrada.gal SEXA O DOMINIO OFICIAL DO CONCELLO DA ESTRADA.

Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG: Si, presento unha moción. Preséntoa por urxencia, porque outra moción que presentei alá polo mes de setembro sobre este mesmo tema, simplemente sería polos pasos anteriores, pois non se tratou, entón decidín para evitar que o mes... creo que é en maio cando remata a lexislatura, o carro de mocións que están sin tratar neste... por este Pleno, polo menos polas Comisións correspondentes, quedaba esta tamén decidín presentala por urxencia.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois si lle parece votamos a favor, ou votamos a urxencia desta... desta moción. Votos en contra?, abstencións?, a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: Ten a palabra o Sr. Magariños para entrar no fondo da cuestión.

Sr. Magariños Maceiras: Si. Oo que pedimos con esta moción é que o dominio que xa ten rexistrado o Concello de..., creo que é do mes de decembro de astrada.gal, pase a ser, digamos, o oficial. Neste momento este enderezo redirecciona a astrada.com, entón, bueno, pensamos que o importante é destacar este dominio, o [.gal](http://astrada.gal), que é o que somos, galegos, no momento da sociedade actual que non existe en internet, pois, non existe en ningún lado, é unha maneira de visualizar que somos un colectivo, que somos unha sociedade que ten unha historia ten unha lingua e ten un patrimonio propio que nos diferencia e enriquece á vez o patrimonio común do resto das sociedades que se moven por internet ou incluso as que non se moven por internet pero que acabarán movéndose non?; uniriámonos a outros dominios que reflexan comunidades con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos, como xa dixen antes, como pode ser o caso do catalán ou outros así de sociedades... de grupos lingüísticos máis pequenos. E non ten ningún tipo de complexidade técnica facer este cambio, non implica un custe... bueno, un custe sempre implica..., pero quero dicir que non implica un custe elevado, é unha cousa completamente asumible polo Concello. Entón o que pedimos é que con

este acordo que o dominio aestrada.gal sexa o enderezo oficial da web do Concello, que o Concello faga as modificacións técnicas pertinentes para adaptar a web do Concello o novo dominio aestrada.gal, e grupo de goberno que leve a cabo unha campaña para dar a coñecer entre os veciños e as veciñas da Estrada os novos enderezos das webs do Concello co dominio .gal.

López Campos: Moi ben. Moitas gracias señor Magariños. Algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao en representación do Partido Socialista.

Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE: Ben. Coñecedores da moción de que acaba de trasladar o BNG a esta corporación, vamos a manifestar o noso apoio, o noso apoio posto que coincidimos nos argumentos que daban os compañeiros do BNG falando da relevancia social e do recoñecemento que significa para a cultura galega estar tamén nas novas tecnoloxías. Un recoñecemento que os veciños e as veciñas da Estrada creo que xa aplaudimos e acertamos cando aló polo 2013 unha asociación, unha importante asociación do noso Concello, nos premiaba con un recoñecemento na persoa dunha asociación que apostaba precisamente polo .gal e, como digo, creo que todos aplaudimos nese momento e o vamos a facer hoxe tamén. Si ese dominio xa está recoñecido, dende logo que se aplique, que os técnicos do Concello fagan o posible por facelo canto antes e, por iso, vamos a manifestar o noso apoio.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois moitas gracias aos dous voceiros. Dende logo dende o grupo de goberno tamén, xa coñecedores desta moción, pois trasladamos o noso apoio a esta iniciativa. Bueno requirirá, desde logo, en principio, as conversas oportunas e, bueno, coñecer tamén a opinión dos propios informáticos do Concello da Estrada e da Estrada Dixital para ver un pouco cales son as repercusións máis directas que poida traer este cambio pero, en principio, pois entendemos que pouco a pouco teremos que ir facendo común e ordinario o funcionamento dese dominio .gal do que todos, como decía a voceira socialista, nos sentimos orgullosos cando foi recoñecido cos premios do Brado á normalización lingüística do ano 2013. Así que, en esa liña estamos e nesa liña empezaremos pouco a pouco, tamén vendo un pouco as repercusións que pode ter este tema, a modificar os dominios e adaptarnos a ese dominio .gal.

Votos en contra?, abstencións?, a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 07-01-2015 (R.E. 112) polo portavoz do grupo municipal do BNG e que literalmente se transcribe de seguido:

“Exposición de motivos.

No marco da actual sociedade da información o que está na internet non existe. A comunidade galega no mundo, a nosa lingua e a nosa cultura xa gozan dunha marca propia con que identificar todos os contidos que remamos na Rede e, así, facérmonos máis visíbeis dentro desta espazo de comunicación global. O .gal é o dominio que nos corresponde como comunidade con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos e sociais. Unha especie de sufixo con que identificamos na internet as páxinas escritas en galego e que se dirixen á sociedade galega nas súas comunicacións en liña e que, tendo en conta a dispersión do pobo galego no mundo, non se circunscribe a un ámbito territorial concreto. Tecnicamente viábel e económica, social, lingüística e culturalmente redíblel, o .gal encádrase nos dominios patrocinados de primeiro nivel.

O dominio .gal fai que se poidan localizar os contidos destinados ao público galego ou referentes á sociedade galega de xeito máis rápido, poderanse organizar os contidos en galego na rede de xeito

máis eficiente e as institucións poden presentarse perante o público galego dun xeito máis próximo. O dominio galego axudará a consolidar unha comunidade galega na internet, o .gal permitirá facer visíbeis os produtos , a cultura e a comunidade galega no mundo e contribuirá ao uso e fomento das novas tecnoloxías por e para a sociedade galega.

Entendemos que o concello da Estrada, que forma parte desta entidade cultural, lingüística e política, que chamamos Galiza, non pode quedar á marxe á hora de proxectarmos a nosa identidade colectiva na rede a través do dominio .gal. Neste sentido, cómpre que o concello faa do dominio “astrada.gal”, rexistrado o pasado mes de decembro, o ficial a todos os efectos.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. O dominio “astrada.gal” será o enderezo o oficial da web do concello.*
- 2. O concello farás as modificacións técnicas pertinentes para adaptar a web do concello ao novo dominio “astrada.gal”.*
- 3. O grupo de goberno levará a cabo unha campaña para dar a coñecer entre os veciños e veciñas da Estrada os novos enderezos das webs do concello co dominio .gal.”.*

ACORDAMOS:

Primeiro.- Establecer o dominio “astrada.gal” como o enderezo oficial da web do Concello da Estrada.

Segundo.- Facer todas as modificacións técnicas pertinentes para adaptar a web do Concello da Estrada ao novo dominio “astrada.gal”.

Terceiro.- O grupo de goberno levará a cabo unha campaña para dar a coñecer entre os veciños e veciñas da Estrada os novos enderezos das webs do Concello co dominio “.gal”.

Sr. Alcalde: Non sei si hai algunha outra moción de urxencia?. Pois si non a hai pasamos polo tanto á parte de control... de xestión e control.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Punto número dous que é o punto rogos e preguntas. Algunha intervención?. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, neste Pleno temos solicitada algunha información, non sabemos si hoxe se nos vai a entregar si non, sinón rogamus que se nos faga chegar á maior brevidade, porque son xa varias as cousas que temos pedidas e estamos pendentes de recibir. O mesmo que xa temos solicitado varias veces e o vamos a facer novamente por insistencia dos veciños. Hai veciños que presentaron o seu expediente e nos decían datas concretas, estamos a falar do 14 de marzo de 2012, e que o último que saben e que tres días despois o expediente foi trasladado a un técnico e non volveron a saber máis. Igual que este veciño que nolo decía con datas concretas, hai

bastantes casos máis de familias afectadas no noso concello, e estámonos a referir ao recoñecemento de vivendas fóra de ordenación o recoñecemento de preexistencia de distintas construcións. Rogamos, unha vez mais, a este Pleno que se proceda a dar solución e resolución aos expedientes en marcha, porque, bueno, pois polo menos que os nosos veciños vaian vendo.. aínda que xa sexa casi tres anos despois que se cumpriran no mes de abril e a resolución dos mesmos, xa non falamos dos tres meses de resolución de expedientes administrativos; insisto, rogamos se proceda a resolver estos expedientes.

E nos gustaría facer tamén unha pregunta a esta corporación e trasladala a este Pleno, posto que vimos nos medios de comunicación e coñecemos a través do Boletín Oficial da Provincia e do DOGA, unha situación que afecta a polo menos dúas parroquias do noso concello. Nunha delas están a facer reunións e a mobilizar polas afectacións que ten para o patrimonio este proxecto, así como para a vida diaria dos veciños e das veciñas pola súa proximidade as vivendas. Queremos saber, porque coñeciamos nos medios de comunicación, que como non pode ser doutro xeito, o goberno municipal se poñía do lado dos veciños e ía a enviar técnicos para proceder a facer unha alegación do proxecto. Finalizado o prazo queremos saber si o Concello presentou dita alegación, porque descoñecemos si esta alegación se ten feito. Sabemos que os veciños si, pero non sabemos do Concello. Estámonos a referir ao trazado da liña eléctrica que pasa preto do Pazo de Oca. Gracias.

Sr. Alcalde: Si. Bueno, sabe vostede que ese proxecto é a liña para que... para situarnos un pouco no obxecto do debate, porque eu creo que como todos os debates ten os seus matices non?. Saben vostedes que a subestación que da subministro eléctrico á Estrada e recibe a súa... bueno, pois... é receptora desa enerxía a través da subestación de Tibo exclusivamente e se teñen producido... se teñen... teñen habido acontecementos que provocan o corte ou a caída do subministro desa liña en alta tensión e provoca a falla de subministro no que é a subestación de... que ten situada na Avenida de Pontevedra, bueno pois, a Xunta de Galicia está instando ás compañías eléctricas a que, cando menos, sexan dúas as entradas distintas de enerxía nas subestacións para poder prever calquera tipo de imprevisto que poida acontecer en relación a este tema, non?. Nos parece, desde logo, unha boa iniciativa, ademais cremos que eso vai incrementar, vai a mellorar todavía máis o que é o servizo e a infraestrutura de redes eléctricas no noso concello, polo cual eu creo que a inversión que ten que facer a compañía eléctrica pois é unha inversión privada que vai a revertir na mellora da calidade de vida dos nosos veciños; eso é a parte digamos positiva desta iniciativa, non?. Nós instamos no seu momento a que a Xunta de Galicia axilizase estas cuestións e que obrigase ás compañías eléctricas a mellorar as condicións nas que subministra enerxía eléctrica aos veciños, sobre todo no ámbito rural. A Segunda parte ven como se fai ese servizo, e a partir de aí hai que proxectar unha liña en media tensión, en este caso que é a liña que ven de Paizás, e, evidentemente, pois ten un percorrido, vai a dar servizo A Estrada e ten un percorrido polo término municipal da Estrada, polo concello e por varias parroquias. Entendemos e defendemos desde o primeiro momento que ese percorrido ten que ter o menor impacto posible, hai opcións que eu creo que minimizan considerablemente o impacto que poida ter esa rede de subministro enerxético, de enerxía, e a partir de aí nos poñemos en contacto, mantivemos unha reunión... máis dunha reunión cos veciños e acordamos que, independentemente das reunións que mantiveran eles, o Concello ía a actuar por dúas vías. Non é un proxecto, é un estudio de impacto ambiental, todavía non existe proxecto, estamos falando dun trámite incipiente do que é o procedemento administrativo desa

liña, e nese momento entendemos que xa é o primeiro momento de marcar a posición do Concello, non?. A posición do Concello é, sobre todo, en dous lugares pertencentes á parroquia de Oca que, bueno, pois que a aparte o Plan Xeral os clasifica como núcleos complexos e, polo tanto, están separados por unha zona de solo rústico, a compañía aproveita esa zona de solo rústico para pasar a rede e o tendido eléctrico por aí. Consideramos que non é o punto máis adecuado, creo falar de memoria, pero estamos falando dos apoios entre o 15 e o 18, o número 15 e o número 18 que están marcados no propio proxecto que presenta a empresa, e o que pedimos é que nese tramo do apoio 15 ao apoio 18 se faga unha reordenación ou se busque distintas alternativas, ben sexa como cambio de trazado ou ben sexa como soterramento da propia liña, e aí actuamos por dúas vías, vía alegación que o propio Concello presenta e xa presentou dentro do prazo correspondente ao propio estudio de impacto ambiental e actuamos pola vía do propio informe que o Concello ten que facer ao tramite ambiental, e, polo tanto, esas... digamos esas dúas vías están cumpridas en tempo e forma, e se presentaron os correspondentes documentos acreditativos tanto da alegación formal do Concello como institución, como do informe dos técnicos municipais que van na mesma liña que aporta a alegación de buscar unha solución alternativa a esos apoios, a esos puntos nese trazado onde cremos que provoca unha maior afección a vivendas. A partir de aí entendemos que o trazado transcorre por zonas alonxadas a núcleos e vivendas e que o impacto sería moito menor, non?. Pero creo, cremos que nese punto debemos de facer a forza posible. A compañía pois xustifica a solución adoptada en que, bueno, en solo rústico, que é xusto ese espacio que queda entres eses dous solos comúns, se permitiría ou se aconsellaría que o tendido fose en tendido aéreo. En suelo rústico en principio non procede facer o soterramento, e nós o que lle plantexamos xa desde o inicio, que xa digo este procedemento... este proceso será bastante... se dilatará no tempo, pois vamos xa marcando camiño de que o Concello vai a demandar e a pedir que a compañía busque a solución nese tramo. Non é un tramo tan grande, estamos falando de entorno a... poden ser en torno a 250...300 metros, que temos que buscarlle un percorrido alternativo e creo que ao final pois na liña en que tamén foron os veciños, creo que tamén o propio Pazo de Oca, a propia Fundación Ducal presentou o seu recurso baseado en aspectos patrimoniais e, en definitiva, vamos todos na mesma liña e eu espero que poidamos lograr o acordo ca propia compañía e a promotora do proxecto. Non sei si ten algunha pregunta ou algún rogo máis. Señor Magariños, ten vostede a palabra.

Sr. Magariños Maceiras: Varios rogos. Primeiro é que se reparen os puntos de luz do alumeadado público de Remesar que levan varios días fallando, encenden e apagan, como decía o veciño "parece que estamos nunha discoteca". Bueno, que se reparen, haber cal é o problema.

E tamén, na mesma parroquia, que se instale o alumeadado en todas as casas, xa que, por exemplo, a casa grande de Vilanova, unha empresa, ou unha casa de turismo, carece deste alumeadado público, é importante.

Tamén na mesma parroquia, fágolle o rogo que se inste á empresa madeireira responsable do deterioro dunha pista que da acceso ao lugar de Vilanova dende o lugar de A Cruxeira, porque aparte do deterioro que se formou ao utilizar maquinaria pesada pois deixaron os refugallos da corta na pista e dificulta o tránsito. Pois se poñan en contacto coa empresa para que faga o que lle marca a lei que é reparar creo que quedou....

Sr. Alcalde: Si. De feito se lle pediu, se fixo xa o trámite oportuno, pedirlle o informe á Policía Local para que nos transmita

quen é, sobre todo, porque acopiaron o que é a madeira no entorno do Campo da Festa e aparte de que destrozaron a cuneta, deixaron aquilo todo cheo de restos vexetais, e o que se pideu foi á Policía o correspondente informe para identificar a empresa e solicitar a reposición total. Ese trámite está feito, pendiente de ser comunicado polo Departamento Rural á empresa correspondente.

Sr. Magariños Maceiras: Que o fagan canto antes porque bueno. E despois outro rogo que me fan tamén chegar un Pleno máis vinculado á seguridade vial, que ademais acepto que fun a comprobalo e efectivamente é así. Que no último semáforo que hai Avenida de Pontevedra, hai un paso de peóns, pero non está regulado ese paso de peóns por un semáforo, co cual dáse a paradoxa de que se ti ves desde... desde a Baiuca... tes que ir a... non podes cruzar, terías... non hai paso de peóns para cruzar, nin podías cruzar por aí, terías que cruzar por outra banda hacia... bueno, á casa da música, que tampouco hai un paso de peóns no último semáforo que poda regular, co cual é un sin sentido que aparece por alí. Bueno, que se coloque simplemente un semáforo que regule o...

Sr. Alcalde: Fala vostede na Avenida Benito Vigo....

Sr. Magariños Maceiras: O último, o último, na avenida...

Sr. Alcalde: Na altura da Tesourería da Seguridade Social, que non hai....

Sr. Magariños Maceiras: Hai paso de peón pero non hai semáforo que regule....

Sr. Alcalde: Claro, non hai semáforo que regule. Si si, é certo, si, vale.

Moi ben non sei si hai algunha outra cuestión. Señor Espiño ten vostede a palabra.

Sr. Otero Espiño, Concelleiro do PSdeG-PSOE: Que no mes de setembro por unha veciña de San Miguel de Castro, do lugar da Coba, se presentou un escrito neste Concello denunciando a invasión dun vial público da concentración parcelaria que daba acceso ás fincas de distintos propietarios e, en concreto, á dela mesma non?. A invasión do dominio público por árbores, creo recordar froiteiras e non sei si algunha conífera tipo tullas ou ciprestes ou algo non?. E donde demandaba que desde o Concello se fixese un deslinde do mesmo e que se repuxese a servidume desa pista ao estado orixinario para o que foi trazado de xeito que non impida o acceso ás propiedades. Entonces a pregunta é: que se fixo en resposta a esta veciña de San Miguel de Castro?

Sr. Alcalde: Uff, en San Miguel de Castro hai varios problemas...

Sr. Otero Espiño: é un caso histórico este.

López Campos: Si, en San Miguel de Castro hai varios problemas desa...bueno que teñen unha cuestión bastante similar a esta, hai varias ocupacións de camiños de concentración parcelaria que foron... que actuou o Concello para liberarse o camiño para un paso. Eu creo recordar que o que vostede esta facendo, decindo, é unha cuestión dun camiño que debe ser un camiño en terra de tres metros que está... que hai plantados carballos, carballos non?. Entón un camiño de tres metros de acceso, si me sona que... que se puxeron en contacto connigo para que puidésemos ver ese tema. O perito rural se personou alí nun par de ocasións, e o que se quedou no seu primeiro momento foi facer unha limpeza do camiño, porque en principio o que

habría que.... o que está acreditado que hai unha invasión e habría que derramar os carballos, pero que non hai unha invasión do dominio público, que o camiño que está marcado pola parcelaria, de feito se fixo consulta á parcelaria, falo de memoria, pero creo recordar que se fixo a consulta xa fai meses á Concentración Parcelaria, e a Concentración Parcelaria di que, evidentemente, son camiños trazados de tres metros e non teñen nada que decir, mais que o Concello vai alí e faga o deslinde. Os técnicos do Concello estiveron alí xa en dúas ocasións e eu a información que lle traslado, que lla matizarei nos próximos días, pero en principio o que teño eu agora mesmo en mente é que están medidos os tres metros, que posiblemente poida haber problemas si queren pasar cun tractor porque as ramas das árbores impiden o paso, pero que non está digamos pechado o camiño, que non esta pechado ao paso. É certo que a maleza invadeu unha parte importante dos dous lados e que ten dificultades para poder pasar, me consta, falo... xa digo falo de memoria, me sona algo ese problema, sei que o falamos co Departamento do Rural, creo que o estiveron vendo e están en situación de resolvelo e que se puxeron en contacto coas persoas denunciantes para intentar buscarlle unha solución, pero a día de hoxe non lle podo dar máis contestación que esa.

(Non se aprecia o audio)

Sr. Otero Espiño: Parece que nese entorno son moitos os viais que están afectados por... precisamente, polo mesmo. E non sei si este é o mesmo ao que se refire vostede, é o de acceso ao final da Coba hacia o Seixo, á unha vivenda que hai á dereita, ten un tramo asfaltado, é propiedade da persoa denunciada, e logo dá acceso a varias fincas nun tramo en terra xustamente de tres metros, pero que non ten os tres metros porque non pasa un tractor, e un tractor ten un ancho de... non chega a dous metros, e non pasa un tractor. Polo tanto, é decir, rogaríalle que, unha vez feito a comprobación oportuna, se proceda á reposición do que é o estado primitivo...

Sr. Alcalde: moi ben. Si, si. Mañá mesmo. Bueno, sabe vostede que xa....

Sr. Otero Espiño: De feito todas as fincas que son da concentración parcelaria, polo tanto, que supostamente cultivamos, están a monte porque non dan accedido a elas.

Sr. Alcalde: Sabe vostede que, bueno, ao tratarse dun expediente de deslinde hai que facer o trámite correspondente para poder facer o levantamento topográfico, facer o deslinde e acordalo no órgano competente, pero, en principio, mañá o trasladaremos ao propio departamento para saber en cuestión. Eu sei que en San Miguel de Castro hai varios problemas de este estilo e algúns non de fácil solución porque se desocupa o camiño e, curiosamente, aos dous días volve a estar ocupado outra vez, ao mellor non con árbores plantados, pero si con obxectos que impiden o paso dos usuarios ás súas propiedades, así que sei, porque bueno, é un problema recorrente e o veremos en concreto este caso e intentaremos darlle cumprida resposta.

Non sei si hai algunha outra cuestión?.

Sr. Otero Espiño: Si. Outra pregunta sin máis. O vial que vai de Gontén a Loimil por Remesar, que se limparon as cunetas, se preparou pero, sin embargo, está paralizado nestes momentos.

Sr. Alcalde: Ese proxecto é un proxecto financiado, é un investimento de 320.000 euros, é un proxecto que a Deputación de Pontevedra, é de fondos provinciais, lle adxudicou á empresa Paco

Gómez, creo recordar que eran un total de 14 pistas as actuacións que se iban a acometer, das cales quedaron sin finalizar 6, unha delas en Loimil, coñece vostede ben seguro o sitio, porque donde está o recanto, todo ese tramo que hai, o antigo tramo da carreteira nacional 525 que, digamos, que é o proxecto máis grande que se leva entorno a 100.000 euros actuación, porque hai que recoller todas as augas que veñen da zona do polígono industrial, da zona da pista que sube a San Miguel de Castro, hai que facer unha recollida de augas e facer unha actuación importante, pos unha capa de aglomerado, está a pista de Gontén a Remesar, queda pendente un tramo... dous tramos no casco urbano, o camiño da Congostra e o tramo que une o vial que pasa por diante da fábrica Martínez Otero, a pista que vai hacia o Punto Limpo, hacia os depósitos da Penerada, hacia Penerada. Queda pendiente outra pista que agora mesmo non recordo, que a empresa parou por condicións climatolóxicas, chegou o parón de verán, o 19 de decembro foi festivo, de navidades, foi festivo por convenio, ata o luns que recuperen a actividade e, en principio, sei que a empresa solicitou a prórroga á Deputación, se lle concedeu ata o 30 de marzo a prórroga para ese proxecto, e o compromiso da empresa é, ao retornar as vacacións de Nadal,....

Sr. Otero Espiño: Quedaron de que a ían ter para o ano novo feita....

Sr. Alcalde: E van a ter que volver a facer a limpeza das cunetas, porque eu aínda pasei o outro por alí e van a ter que volver outra vez a facer o perfilado para poder facer o aglomerado, porque evidentemente non... Sin embargo teño que decir que unha das pistas que se fixo, que precisamente se fixo en Cora, en Vilacriste en Piñeiro, a fixeron para intentar non parar a execución, e van a ter que volver outra vez porque o firme non quedou ben tendo en conta as condicións climatolóxicas, entonces o que optaron foi por parar, pedir unha prórroga, e esperemos que agora no mes de febreiro polo menos veñan dúas ou tres semanas sin choiva para que poidan facelo, porque si non ese tipo de aglomerados sabe vostede que ao final dan un mal resultado si as condicións non son as adecuadas. Pero en principio e xa digo, practicamente o 60% do custo do proxecto está sen executar todavía e entendemos que se executará agora nestas próximas semanas.

Non sei si hai algunha outra cuestión?. Pois antes de levantar a sesión, non sei si dentro do capítulo de participación pública algunha das persoas do público quere intervir?. Si non hai ningún rogo nin ningunha pregunta, agradecéndolle a súa atención, levantamos a sesión. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas.

A Estrada, 8 de xaneiro de 2015
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas